



INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2026-2027

Co obxecto de facilitar o normal desenvolvemento do procedemento de admisión de alumnado nos termos establecidos

- No Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato (DOG núm. 29, do 11 de febreiro).
- Na Orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 21 de outubro 2022, pola que se desenvolve o decreto e se regula o procedemento de admisión do alumnado (DOG núm. 212, do 8 de novembro)
- O Acordo do 11 de outubro de 2023 sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docentes da comunidade autónoma de Galicia, no que sexa aplicable.
- Os artigos 40 e 41 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de Medidas fiscais e administrativas, publicada no Diario Oficial de Galicia do 31 de decembro de 2024.

Esta dirección xeral, de conformidade coa disposición derradeira primeira da Orde do 21 de outubro de 2022, dita as seguintes,

INSTRUCCIÓNS:

1. Prazos de presentación de solicitudes (reserva e ordinaria de admisión)

O proceso de admisión de alumnado tramitarase mediante a aplicación informática *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>).

O prazo de presentación de solicitudes abranguerá:

- a) Solicitudes de reserva (ED550A): do 15 de xaneiro ao 4 de febreiro de 2026.
- b) Solicitudes ordinarias de admisión (ED550B): do 1 ao 20 de marzo de 2026.

2. Determinación e publicación de prazas escolares e de vacantes para ofertar (en admisión)

2.1. Definicións

Prazas escolares: Postos dispoñibles nun centro educativo para escolarizar ao alumnado fixados pola ratio de cada nivel de ensinanza.





Prazas vacantes: Prazas escolares non ocupadas nin reservadas.

2.2. O centro educativo configurará a oferta de prazas escolares e de prazas vacantes a través da aplicación *admisionalumnado*, conforme ao establecido nos seguintes puntos:

2.2.1. En educación infantil (EI) a ratio máxima é de 20 prazas escolares por unidade.

2.2.2. En educación primaria (EP) o número de vacantes ofertadas será:

- Nos cursos que teñan entre 20 e 25 alumnos/as con permanencia por unidade, non haberá oferta.
- Nos cursos que teñan menos de 20 alumnos/as con permanencia por unidade, ofertarase ata o máximo de 20 prazas por unidade.

Non obstante, e conforme ao disposto no artigo 40.4 da lei 5/2024, do 27 de decembro, exceptúanse desta regra os casos derivados de necesidades de escolarización ou outros supostos nos que, a criterio da inspección educativa, sexa preciso ampliar a oferta ata 25 alumnos por unidade nos cursos de EP.

Para estes efectos, cando existan máis solicitudes de admisión presentadas en prazo (1-20 de marzo) que prazas ofertadas no centro ou centros solicitados, a inspección educativa poderá autorizar a ampliación da oferta se, respectando a orde de prelación, resulta posible admitir a alumnado que acredite algún dos seguintes criterios de baremo:

- Irmá/irmán matriculada/o no centro.
- Domicilio familiar ou lugar de traballo na mesma área de influencia do centro.

Así mesmo, se nos centros docentes que non tiveron oferta de postos se presentan solicitudes de admisión, logo da súa baremación, poderá facerse uso da posibilidade de ampliar a oferta se concorren os requisitos indicados no parágrafo anterior.

2.2.3. Para determinar o número de prazas escolares ocupadas polo alumnado de EI e EP con permanencia no centro (e en consecuencia, para a determinación das vacantes a ofertar), terase en conta o seguinte:

- a)** Computarase como ocupada unha praza escolar máis por cada alumno/a con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% ou cun grao I de dependencia ou cun trastorno grave de conduta.
- b)** Computaranse como ocupadas dúas prazas escolares máis por cada alumno/a cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65% ou co grao II ou III de dependencia.

Os certificados do grao de discapacidade, de dependencia ou o informe co diagnóstico clínico acreditativo do trastorno grave de conduta que se terán en conta para configurar a oferta serán os que, afectando ao alumnado con permanencia no centro respectivo, lles consten aos centros e estean gravados na aplicación XADE. Corresponderalle aos centros docentes gravar, archivar e custodiar a documentación acreditativa destas circunstancias e á inspección educativa revisar esta casuística á hora de validar a oferta.





Ademais, para ter en conta a discapacidade, a dependencia ou o trastorno grave de conduta aos efectos do cómputo será preciso:

* Que o certificado ou o informe acreditativo estea expedido antes do 1 de marzo de 2026 (no caso de solicitudes presentadas entre o 1 e o 20 de marzo) e gravado na aplicación XADE con data límite do 23 de marzo, este incluído.

* Que a discapacidade, dependencia ou trastorno supoña a existencia de necesidades educativas especiais determinadas polo informe psicopedagóxico do centro.

2.2.4. As prazas que resulten vacantes logo de asignar ao alumnado procedente de centros adscritos, se é o caso.

Para os efectos de facer efectiva a continuidade do alumnado de EI e de EP con reserva de posto no centro de adscrición de EP, a ratio máxima será, en todo caso, de 25 prazas escolares por unidade. Esta ratio máxima só se aplicará a fin de garantir o dereito de reserva en centro de adscrición, cun tratamento análogo ao dereito de permanencia.

2.2.5. As persoas deportistas de alto rendemento que para compatibilizar esta formación coa educación secundaria (ESO ou BAC) teñan recoñecida preferencia nos centros docentes que para tal efecto indique o departamento territorial, conservarán a súa praza no centro docente de orixe mentres se dea esta circunstancia.

2.2.6. No caso de bacharelato, a distribución será por modalidades.

A inspección educativa validará a oferta configurada polos centros, revisando en cada caso, a incidencia no cómputo das vacantes do alumnado ao que se refiren os puntos 2.2.3 a) e b).

Unha vez validada a oferta pola inspección educativa, o centro educativo publicará, antes do 1 de marzo, a previsión das prazas vacantes, debendo manterse actualizada no caso de calquera modificación posterior que puidera producirse; modificación que, en todo caso, deberá ser autorizada expresamente pola inspección educativa.

O número de vacantes poderá reducirse no caso de que algunha das prazas deba destinarse, con carácter excepcional, a atender necesidades de escolarización extraordinarias que poidan estar motivadas por algunha das causas reguladas no artigo 16.1 do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro e, en todo caso, coa data límite do 27 de abril, este incluído.

Non se considerarán como vacantes as prazas escolares non ocupadas polo alumnado ao que se adxudicaron, cando os proxenitores teñan que desprazarse transitoriamente fóra do concello durante o curso, por motivos laborais debidamente acreditados mediante un certificado expedido pola correspondente administración pública ou empresa, e sexa previsible que o alumnado se reincorpore á praza antes de que remate o mesmo curso. Igual criterio se aplicará cando o alumnado realice o curso no estranxeiro.





2.3. En 4º de EI, en 1º de EP e en 1º de ESO publicarase o número total de prazas vacantes que correspondan por unidade ou grupo, informando que das vacantes ofertadas reservaranse ata 3 prazas para atender a escolarización de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Non obstante, de cara a acadar unha adecuada e equilibrada distribución nos centros escolares do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, de conformidade co artigo 84 da LOE, na reserva á que se refire o parágrafo anterior terase en conta o alumnado que presente tal necesidade procedente do/s centro/s adscrito/s e o que promociona no propio centro e, en consecuencia, poderá axustarse a oferta das prazas reservadas, logo de proposta do centro validada pola inspección.

3. Solicitudes

3.1 Os modelos ED550A e ED550B (reserva e admisión ordinaria) e os respectivos anexos estarán dispoñibles a partir da data de inicio do correspondente prazo de presentación: na aplicación *admisionalumnado*, na sede electrónica da Xunta de Galicia e nos centros docentes onde se facilitará, de forma gratuíta, unha copia en papel ás persoas interesadas que a soliciten.

Para os efectos do establecido no artigo 40.2 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, no caso de alumnado de educación infantil e primaria con discapacidade, dependencia ou trastorno grave de conduta, que implique necesidades educativas especiais, xunto coa solicitude deberá achegar o certificado ou informe acreditativo da súa circunstancia ou, se é o caso, non opoñerse á súa consulta.

3.2. Forma de presentación: electrónica e presencial.

a) Presentación **electrónica** de solicitudes (ED550A e ED550B):

1º. A persoa solicitante ten que acceder á aplicación informática *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>) e cubrir o modelo ED550A - anexo I ou o modelo ED550B – anexo II, para o que necesariamente ten que dispoñer dun certificado de identidade e sinatura dixital (como o certificado da Fábrica Nacional de Moneda y Timbre ou calquera outro admitido pola Sede Electrónica) ou un sistema de usuario e clave como a *Chave365*.

2º. Ademais, terán que cubrir o modelo anexo I-bis ou o modelo anexo II-bis (comprobación de datos e consentimento), segundo corresponda, imprimilo e, unha vez asinado de forma manual pola outra persoa proxenitora, titora ou acolledora, escanealo.

3º. A seguir, a aplicación permite conectar coa sede electrónica da Xunta de Galicia para asinar e presentar a solicitude utilizando calquera dos medios de identidade e sinatura do punto 1º. Xunto coa solicitude deberá achegar o anexo I-bis ou o anexo II-bis e o resto de documentación que, de ser o caso, fose precisa (libro de familia, sentenza de separación, documentación acreditativa do alumnado con necesidades específicas...).

4º. O **xustificante** da presentación electrónica da solicitude (ED550A ou ED550B) só se xera cando a persoa a asine e a presente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, e indica a data de presentación.





5º No caso de solicitudes de admisión (ED550B), o número que aleatoriamente lle asignou aplicación *admisionalumnado* no momento da súa gravación (que se terá en conta, de ser o caso, para desempatar) poderá consultarse, xunto co estado de tramitación da solicitude, na devandita aplicación.

b) Presentación presencial de solicitudes (ED550A e ED550B):

1º. A solicitude de reserva (ED550A) e o anexo I-bis pode presentarse no centro docente no que estea matriculado nese momento o alumnado; e a solicitude de admisión ordinaria (ED550B) e o anexo II-bis, no centro docente solicitado en primeiro lugar.

En ambos casos, tamén se poden presentar en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2º. Deberá ir acompañada da documentación indicada no anterior punto 3º da letra a).

3º. A asignación aleatoria do número para os efectos de desempate, prodúcese no momento da gravación da solicitude na aplicación *admisionalumnado* por parte do centro. Polo tanto, se a gravación é simultánea á presentación, o centro entrégalle á persoa solicitante o xustificante xerado na aplicación, que indicará a data de presentación da solicitude e o número aleatorio asignado.

Se por motivos organizativos ou de xestión do centro, a gravación ten lugar nun momento posterior á presentación, entregáraselle un xustificante no que constará a data de presentación e selo do centro. Cando o número de solicitudes sexa superior ao de postos ofertados, as persoas interesadas poderán consultar o número aleatorio asignado pola aplicación na listaxe que se publique o 23 de marzo de 2026.

En todo caso, tanto o devandito número aleatorio como o estado de tramitación das solicitudes, poderán consultarse en calquera momento na aplicación *admisionalumnado*, mediante certificado dixital ou *Chave365*.

3.3. Os centros tramitarán e baremarán todas as solicitudes presentadas en prazo (do 1 ao 20 de marzo), aínda que nese momento non existan vacantes.

3.4. Carácter único e vinculante da solicitude. Sinatura e consentimento:

a) A solicitude de reserva (ED550A) e a solicitude de admisión ordinaria (ED550B) son únicas e **vinculantes**. Non obstante, poderá renunciarse na forma indicada a continuación.

- Para **renunciar** a unha praza **reservada** no centro de adscrición será necesario presentar un escrito de renuncia no centro docente coa data límite do día 28 de febreiro de 2026. Na solicitude de admisión ordinaria ED550B presentada en prazo terá que cubrir os datos que aparecen no recadro "Supostos específicos".

- Para **renunciar** a unha solicitude de admisión ordinaria presentada en prazo (do 1 ao 20 de marzo) terá que presentar unha nova solicitude ED550B no mesmo prazo na que terá que cubrir os datos que aparecen no recadro "Supostos específicos".

b) Sinatura e consentimento das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras:





Os artigos 26.6 e 46 da orde establecen que en todos os casos de solicitude (de reserva, admisión ordinaria e escolarización extraordinaria) de alumnado menor de idade non emancipado é necesario o **consentimento** das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras, coa única excepción do consentimento do agresor nos casos de violencia de xénero.

En consecuencia, todas as solicitudes deben figurar asinadas por unha das persoas proxenitoras/titoras/acolledoras, e debe xuntarse a todas elas o documento asinado co consentimento da outra (modelos: anexo I-bis, anexo II-bis).

Non obstante, nos casos de ausencia puntual da outra persoa proxenitora non separada nin divorciada, ou da outra persoa titora ou acolledora por circunstancias excepcionais (laborais, familiares...), poderá admitirse a presentación dunha declaración responsable da persoa que asine a solicitude indicando o motivo que impida o consentimento expreso da outra.

c) Falta do consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acolledora:

No momento en que se constate a falla de consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acolledora, o centro ten que informar á persoa solicitante da necesidade do consentimento expreso daquela e realizar o seu requirimento.

A falla do consentimento implicará que a admisión sexa provisional, motivada polo feito de que a escolarización do alumnado entre os 6 e os 16 anos é obrigatoria.

A seguir, o centro comunicará esta incidencia ao departamento territorial da para o seu traslado, se procede, ao ministerio fiscal, achegando a solicitude e a documentación que a acompañe.

En canto á decisión de escolarización provisional, se o alumnado xa está escolarizado manterase a situación. No caso contrario, escolarizarase provisionalmente tendo en conta a solicitude e o certificado de convivencia.

4. Determinación da unidade familiar

O artigo 12 da Orde do 21 de outubro de 2022 determina as persoas que teñen a consideración de membros computables da unidade familiar:

- a) As persoas proxenitoras non separadas legalmente nin divorciadas ou, de ser o caso, as titoras ou acolledoras do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade.
- c) Os fillos/as maiores de idade cando teñan modificada xudicialmente a súa capacidade xurídica mediante a constitución de curatela representativa ou cando estean suxeitos/as á patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión desta medida.
- d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos se conviven no domicilio familiar.
- e) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou análoga relación de afectividade ás anteriores con convivencia no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado, agás nos casos de custodia compartida.

Polo tanto, nos casos de separación ou divorcio:





- Con **custodia compartida**: a unidade familiar está composta polas persoas proxenitoras e os seus descendente comúns.
- Con **custodia exclusiva**: a unidade familiar está composta pola persoa proxenitora que teña a custodia exclusiva e os fillos/as suxeitos/as a esta custodia e, de ser o caso, pola nova persoa cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade á persoa proxenitora. Non se inclúe á outra persoa proxenitora do alumnado.

5. Aplicación dos criterios de admisión. Cuestións máis salientables

A Orde do 21 de outubro de 2022 enumera os criterios de admisión no artigo 13, delimita o concepto de cada un nos artigos 14 a 25 e a forma de acreditarlos cando sexa necesario no artigo 31 (documentación en papel) e no artigo 32 (comprobación de datos por vía electrónica).

A situación persoal, a composición da unidade familiar e os criterios de admisión valóranse por referencia á data de inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión (1 de marzo de 2026), agás a renda, na que se toman como referencia os datos do ano 2024.

Respecto dos seguintes criterios de admisión deberase ter en conta:

a) Proximidade ao centro docente do domicilio familiar ou do lugar de traballo

A acreditación do domicilio familiar realízase a través do certificado de convivencia expedido entre o 1 de marzo de 2025 e o 28 de febreiro de 2026 ou con data posterior e que deberá indicar, en calquera caso, a data de alta que certifique unha residencia mínima dende o 1 de marzo de 2025. Se a residencia fose inferior a 1 ano, deberá achegar: escritura de compra, contrato de alugamento ou calquera outro título e recibos acreditativos do consumo de subministracións como agua, electricidade, gas...).

Toda persoa que resida habitualmente nun concello está obrigada por lei a inscribirse no padrón municipal (artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), e a forma de acreditar que unha unidade familiar reside nun domicilio é o certificado de convivencia.

En canto á acreditación do lugar de traballo no caso de traballadores por conta allea, deberá terse en conta ademais do contrato de traballo o informe de vida laboral.

b) Renda per cápita da unidade familiar

Inclúe as cantidades obtidas da base imponible xeral (Casiña **435**) máis a base imponible do aforro (Casiña **460**) da declaración do imposto sobre a renda das persoas física no exercicio 2024, dividida entre o número de membros computables da unidade familiar a data 1 de marzo de 2026. Cando non se presentase declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Para determinar a puntuación utilízase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual de 2024, que está fixado en 7.200 € na disposición adicional nonaxésima da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados de forma automática para o ano 2024.





c) Familia monoparental

De acordo co artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia, inclúe as familias compostas por unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os/as fillos/as ao seu cargo, nos seguintes supostos:

- a) Homes ou mulleres que afrontan a paternidade ou a maternidade en solitario.
- b) Unha ou un cónxuxe viúvo e os fillos e fillas.
- c) Pai ou nai que queda a cargo de fillas e fillos sen que haxa custodia compartida.

Teñen a mesma consideración que o fillo ou a filla as persoas unidas ao único proxenitor ou proxenitora por razón de tutela ou acollemento.

Para acreditar este criterio a persoa interesada terá que presentar a certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia ou da autoridade competente doutras administracións públicas.

d) Condición de vítima de violencia de xénero

A forma de acreditar a condición está recollida no artigo 5 da Lei 11/2007, do 7 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Calquera dos documentos indicados no devandito artigo son idóneos para acreditar a situación de violencia de xénero.

Ademais, hai que ter en conta que a letra g) do devandito artigo 5 admite calquera outro documento que se estableza regulamentariamente, polo que non é posible facer unha enumeración exhaustiva. En consecuencia, se algunha persoa achega outra documentación distinta da expresamente citada no artigo 5 da lei, debe examinarse tomando como referencia este artigo da lei e, en caso de que existan dúbidas respecto da súa idoneidade, consultar co departamento territorial.

Para determinar a eficacia dos documentos hai que ter en conta a data de efectos que conste no propio documento.

Cando o documento ou informe achegado non teña determinada a súa vixencia, terase en conta que fora adoptado ou emitido no intervalo temporal que comprende os 12 meses inmediatamente anteriores á data da presentación da solicitude.

6. Desempate

Na listaxe definitiva do alumnado admitido coa puntuación total para cada curso e centro que xera a aplicación *admisionalumnado*, as solicitudes empatadas se as houbese, xa aparecen segundo a orde que resulta de aplicar os criterios de desempate do artigo 34 da Orde do 21 de outubro de 2022.

7. Publicación das listaxes





a) As **listaxes** que se publican ao longo do procedemento son as xeradas pola aplicación *admisionalumnado*, e as respectivas datas para a súa publicación, as indicadas no calendario do procedemento de admisión e matrícula. As familias e o alumnado poderán consultalas:

1º. **Presencialmente:** no **taboleiro de anuncios**, que unicamente poderá ser visible dende o interior do recinto escolar.

Polo tanto, a publicación na páxina web do centro, en taboleiros ou as zonas acristaladas visibles desde o exterior do centro ou calquera outra alternativa distinta das mencionadas nos artigos 9 e 35.5 da Orde do 21 de outubro de 2022 non están incluídas entre as formas de publicación admitidas. Non obstante, na páxina web poderá anunciarse o momento en que as listaxes estarán dispoñibles no taboleiro de anuncios e na aplicación.

2º. **Por vía electrónica:** exclusivamente través da **aplicación informática *admisionalumnado***, sendo necesario para consultalas o certificado dixital ou *Chave365*.

O estado de tramitación da propia solicitude tamén pode consultarse na aplicación, pero neste caso é suficiente para acceder o número de solicitude e o número do Documento de Identidade da persoa solicitante.

b) A consulta da **puntuación desagregada** só se pode facer nos termos recollidos no artigo 35.5 da orde, que require asinar un compromiso de uso e confidencialidade.

8. Adxudicación de prazas vacantes con baremo e subsidiaria

Para a adxudicación de vacantes con baremo e tamén na fase subsidiaria terase en conta o cómputo do alumnado na forma que se sinala no número 2.2.3 a) e b), cando alegue a circunstancia de discapacidade, dependencia ou trastorno grave de conduta (que implique unha necesidade educativa especial) e, xunto coa solicitude, presente o certificado ou informe acreditativo ou autorice a consulta, tal e como se sinala no punto 3.1. A estes efectos, e de ser preciso para a súa avaliación, o centro poderá requirir documentación complementaria.

Se o número de solicitudes presentadas computando ao alumnado ponderado é superior ás vacantes ofertadas, será necesario abrir o prazo de presentación da documentación acreditativa dos méritos para a súa baremación e posterior adxudicación das vacantes.

Deste xeito, a adxudicación das vacantes realizarase en función das solicitudes presentadas, a puntuación de cada unha delas e a ponderación do alumnado ata completar o total das ofertadas.

a) A adxudicación de prazas efectuarase seguindo a orde de prelación que resulta da puntuación total dos criterios de baremo acreditados, tendo en conta que:

1º. O alumnado con reserva de praza por proceder dun centro adscrito, terá prioridade para a adxudicación do posto escolar no centro de adscrición respecto do resto de alumnado.

2º. O alumnado que curse simultaneamente ensinanzas regradas de música, danza ou deportivas de alto rendemento e de educación secundaria, terá prioridade respecto do alumnado que non teña reserva de praza nos centros docentes concretos que determine a persoa titular do departamento territorial da





consellería competente en materia de educación.

3º. Ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo adxudicaráselle as prazas que ten reservadas seguindo a súa puntuación, a súa ponderación e tendo en conta a prioridade do alumnado con reserva de praza. Cando non obtivese unha destas prazas reservadas, participará no procedemento de admisión en condicións de igualdade que o resto do alumnado.

4º. A asignación realizarase tendo en conta o cómputo do alumnado na forma que se sinala no número 2.2.3 a) e b), cando se constate a existencia do certificado ou informe acreditativo da discapacidade, dependencia ou trastorno grave de conduta, ben a través da solicitude e a documentación que a acompañe ou porque se trate de información que lle conste aos centros e estea gravada en XADE, sempre que esas circunstancias impliquen unha necesidade educativa especial, respectando, en todo caso, a puntuación e orde de prelación que corresponda.

As prazas reservadas a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo non adxudicadas poderán adxudicarse ao resto do alumnado.

b) Para resolver as solicitudes presentadas en prazo que non resulten admitidas no centro docente indicado en primeiro lugar, constituirase a comisión de escolarización que as valorará para determinar a puntuación de cara á proposta que debe realizar o departamento territorial conforme ao artigo 39 da Orde, asignándose as prazas vacantes tendo en conta o indicado no punto 4º.

9. Adxudicación de prazas vacantes a alumnado que perdeu o dereito a participar no procedemento de admisión

No caso de alumnado que perdeu o dereito a participar no procedemento (solicitudes afectadas por "irregularidades ou deficiencias" ou presentadas fóra de prazo), a comisión de escolarización ou o departamento territorial cando non se constituíse aquela, propondrá as medidas para a súa escolarización, tendo en conta a preferencia manifestada na solicitude, se é posible; se non o fose, a opción de escolarización que se considere a máis idónea en función dos postos dispoñibles.

As medidas para escolarizar este alumnado proporanse:

- Ao rematar a adxudicación subsidiaria, no caso de solicitudes afectadas por deficiencias/irregularidades e as presentadas fóra de prazo (entre o 21 de marzo e o 27 de abril de 2026).
- Antes do inicio das actividades lectivas, no caso de solicitudes presentadas despois do 27 de abril e ata o 31 de agosto.

Nestes supostos, e para os efectos do cómputo nos termos sinalado no punto 2.2.3 a) e b) será preciso que o certificado ou informe acreditativo do grao de discapacidade, dependencia ou trastorno grave de conduta estivese expedido antes do 30 de xuño de 2026 e gravado na aplicación XADE antes do 2 de xullo.

A tramitación e resolución destas solicitudes realizarase axustándose ás vacantes dispoñibles nos centros e á dotación de profesorado xa existente nestes.

10. Formalización da matrícula

O alumando formalizará a matrícula nos casos seguintes:





- Ao entrar no sistema educativo, en 4º de EI ou 1º de EP
- Cando cambie voluntariamente de centro
- Ao inicio da etapa educativa nun centro e cando proceda dun centro adscrito
- Cando curse ensinanzas de ESO ou bacharelato

Nos demais casos de cambio de etapa ou curso en EI e EP sen cambio de centro non é necesario formalizar a matrícula.

A matrícula poderá formalizarse en liña no aplicativo *admisionalumnado* ou mediante a presentación do correspondente formulario que os centros poderán descargar dos informes predefinidos de XADE. Todas as anotacións relativas á fase de matrícula serán realizadas polos centros educativos en XADE, nos seguintes prazos:

- EI e EP: ata do 2 de xullo de 2026 (este incluído)
- ESO e bacharelato: ata o 9 de xullo de 2026 (este incluído)

O alumnado admitido que non formalice a matrícula antes do 30 de xuño, en caso de infantil e primaria, ou do 7 de xullo, en caso de secundaria obrigatoria e bacharelato, perde o dereito á praza obtida (artigo 41 da Orde de admisión), polo que deberá ser dado de baixa na aplicación *admisionalumnado* antes do **13 de xullo de 2026**, indicando como motivo da baixa "*non formalización de matrícula en prazo*".

A anulación da matrícula na etapa de bacharelato realizarase conforme ao previsto na Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa.

11. Procedemento de escolarización extraordinaria. ED550C

a) Supostos

Comprende a tramitación de solicitudes que teñen por finalidade satisfacer unha necesidade inmediata de escolarización sobrevida durante o curso 2026/27 por algunha das causas do artigo 45 da Orde do 21 de outubro de 2022. En canto a algunhas destas causas, cómpre puntualizar:

- Agrupamento familiar: require que quede debidamente acreditado que unha parte da unidade familiar, que inclúa ao alumnado que necesita ser escolarizado, se traslade de localidade para reunirse con outra parte da unidade familiar durante o curso escolar 2026/27, facendo necesaria a escolarización do/a alumno/a na localidade na que se reúnen.
- Traslado de centro sen cambio de localidade: require que quede debidamente xustificada a concorrencia de circunstancias excepcionais (familiares, educativas, motivos persoais...).

b) Presentación de solicitude e tramitación

As persoas interesadas deberán presentar a solicitude de escolarización extraordinaria ED550C (anexo III) xunto co anexo III-bis (comprobación de datos e consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acolledora).





Os modelos estarán **dispoñibles** na aplicación *admisionalumnado* e na sede electrónica da Xunta de Galicia. Os centros docentes tamén os facilitarán de forma gratuíta.

Estas solicitudes xunto coa documentación acreditativa da causa alegada poden presentarse:

- **Presencialmente:** no centro docente ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
- **Por vía electrónica:** utilizando o formulario PR004A a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), sempre que se dirixan ao departamento territorial correspondente.

Tanto se se presentan nun centro como se se presentan no departamento territorial, correspóndelle tramitalas e propoñer as medidas necesarias para a súa escolarización ao departamento territorial, previo informe da inspección educativa, cando considere que, á vista da documentación achegada pola persoa solicitante, está debidamente acreditada a causa alegada.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

